



### Cruz Roja Española

www.cruzroja.es  
91 335 43 27  
jsm@cruzroja.es



### Fundación CEPAIM

www.cepaim.org  
91 548 31 63  
redantenas@cepaim.org



### Fundación Secretariado Gitano

www.gitanos.org  
91 422 09 60  
igualdaddetrato@gitanos.org



Movimiento contra la Intolerancia

### Movimiento contra la Intolerancia

www.movimientocontralaintolerancia.com  
91 530 71 99  
intolerancia@terra.es



### Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad

www.mpdl.org  
91 786 64 97 - 91 507 71 68  
igualdaddetrato@mpdl.org



### Red Acoge

www.redacoge.org  
91 563 37 79  
redacoge.nodiscriminacion@redacoge.org



### Unión General de Trabajadores

www.ugt.es  
91 589 76 28  
mpino@cec.ugt.org



### Unión Romani

www.unionromani.org  
93 412 77 45 - 93 317 82 91  
u-romani@pangea.org

NIPO: 860-10-005-0

### Más información:

[www.igualdadyndiscriminacion.org/red\\_oficinas](http://www.igualdadyndiscriminacion.org/red_oficinas)



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE SANIDAD, POLÍTICA SOCIAL E IGUALDAD



CONSEJO PARA LA PROMOCIÓN DE LA IGUALDAD DE TRATO Y NO DISCRIMINACIÓN DE LAS PERSONAS POR EL ORIGEN RACIAL O ÉTNICO

# Rede de Centros de Asistencia a Víctimas de Discriminación



CONSEJO PARA LA PROMOCIÓN DE LA IGUALDAD DE TRATO Y NO DISCRIMINACIÓN DE LAS PERSONAS POR EL ORIGEN RACIAL O ÉTNICO

Aziz e Nadia son de Senegal e levan vivindo 10 anos en España.

Deciden mudarse a Valladolid para abrir un novo negocio para o que necesitan alugar un local. Após unha semana, atopan o lugar perfecto pero, cando van ver as condicións de aluguer, encóntranse a seguinte condición: «Absterse persoas negras».



Saray, unha rapaza de etnia xitana, está á procura de traballo como dependenta de comercio, tras rematar un curso impartido pola súa comunidade autónoma. Cando acode a unha entrevista, o encargado da tenda dille que nesa empresa as dependentas teñen que ter un título universitario e que, polo tanto, queda fóra do proceso de selección.



Na empresa Xyz Diseño, S.L., Marta é a encargada de formar a **Antonio**, suramericano de orixe, no seu novo traballo; no entanto, desde o principio, cando Antonio comete un erro, Marta desacredita diante dos seus compañeiros dicíndolle, en cada ocasión, que nunca dará aprendido porque pertence a unha raza inferior.

SE ALGUNHA VEZ TE ATOPACHES EN SITUACIÓNS SEMELLANTES A ESTAS, PODES TER SIDO VÍTIMA DUNHA DISCRIMINACIÓN POLA TÚA ORIXE RACIAL OU ÉTNICA. CÓMPRE QUE SAIBAS QUE ESTE É UN ACTO PROHIBIDO POR LEI.

**PERANTE UNHA VULNERACIÓN DOS TEUS DEREITOS, HAI MOITAS MANEIRAS DE ACTUAR.** SE TES DÚBIDAS, NON SABES O QUE FACER E NECESITAS ASESORARTE, PODES POÑERTE EN CONTACTO COA **REDE DE CENTROS DE ASISTENCIA A VÍTIMAS DE DISCRIMINACIÓN** DO CONSEJO PARA LA PROMOCIÓN DE LA IGUALDAD DE TRATO Y NO DISCRIMINACIÓN DE LAS PERSONAS POR EL ORIGEN RACIAL O ÉTNICO.

## Que é a Rede de Centros de Asistencia a Víctimas de Discriminación?

É un servizo do *Consejo* que presta apoio e asesoría independente ás persoas discriminadas pola súa orixe racial ou étnica en calquera ámbito (educación, sanidade, vivenda, emprego etc.). **Atoparás profesionais especializados en asesoramento legal e denuncia, mediación e conciliación.**



## Que organizacións forman parte da nosa rede e como as podes localizar?

Se cres que os teus dereitos foron vulnerados, podes acudir a calquera das 8 organizacións que forman parte da nosa rede. **Axudante a analizar o teu caso e identificar as posibles solucións.** Recomendamos que te poñas en contacto coa que se atope na túa provincia.

- Cruz Roja Española
- Fundación CEPAIM
- Fundación Secretariado Gitano
- Movimiento contra la Intolerancia
- Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad
- Red Acoge
- Unión General de Trabajadores
- Unión Romaní

Atoparás máis información en:  
[www.igualdadynodiscriminacion.org/red\\_oficinas](http://www.igualdadynodiscriminacion.org/red_oficinas)



## Que é o Consejo?

É un órgano colexiado adscrito ao *Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad* (non participa na súa estrutura xerárquica), formado polas administracións estatais, autonómicas e locais, organizacións empresariais e sindicais representativas, así como por organizacións non lucrativas que traballan no eido da discriminación por orixe racial ou étnica.

A misión do *Consejo* é promover o principio de igualdade de trato e non discriminación das persoas, independentemente da súa orixe racial ou étnica.